



CONCELLARÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE

EXPDTE. 237/2017/7

ACTA DO XURADO DA I EDICIÓN DO PREMIO “ELVIRA BAO MACEIRAS”

Con data de 11 de decembro de 2017 na Biblioteca do pazo Municipal de María Pita, sita no segundo andar e baixo a presidencia da concelleira delegada de Igualdade e Diversidade dona María Rocío Fraga Sáenz, reúnen-se as compoñentes da Comisión de Valoración de acordo coa Base 6 deste premios (Bases aprobadas por resolución de data 9 de marzo de 2017), para proceder á valoración dos traballos que concurren ao premio “Elvira Bao Maceiras”.

A Comisión de Valoración estivo constituída polas seguintes profesionais:

- **Dona Cristina López Villar** (*profesora da facultade de Ciencias da Actividade física e o Deporte e integrante do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña*)
- **Dona Patricia Hermida Lago** (*manager musical*)
- **Dona Anxela Caramés Sales** (*comisaria e investigadora en feminismos e artes visuais*)
- **Dona María Belén Sanjurjo Rodríguez** (*técnica media de Igualdade, grado en Xénero e Igualdade e doutora en Socioloxía – Xénero e Igualdade -*)

Distribuída a documentación dos traballos, así como as bases reguladoras da convocatoria dos premios entre as integrantes da comisión, procedeuse á comprobación das características que tiñan que cumprir as propostas, conforme ao apartado 4 das bases.

Igualmente tívose presente en todo momento o obxecto e finalidade dos premios na revisión das propostas presentadas (apartados 1 e 3 das bases).

Respecto dos traballos presentados sinalar o seguinte:

1. O traballo “**Vestido de voda**” presentado á categoría de produción de obra.

A proposta debe ser excluída porque non é inédita, conforme ao apartado 4 das bases, características dos traballos. Foi posta en escena en diferentes anos (2015,2016) en centros cívicos municipais e en centros de ensino. En ambos casos, promovidos e custeados polo Concello a través da Concellaría de Igualdade e Diversidade

2. “**Mercados**”: Do diñeiro do mercado ao mercado do diñeiro, presentado á categoría da investigación.

Só representa a documentación resumo do traballo, non o traballo (neste caso en papel).

CONCELLARÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE

EXPDTE. 237/2017/7

A proposta debe ser excluída porque non pon o enfoque central da investigación nas contribucións das mulleres xa que non incide na visibilización e na presenza e o papel das mulleres nos mercados e na lonxa aos que fai referencia. Non contribúe a recoñecer o importante papel das mulleres no desenvolvemento dos mesmos, tal e como se especifica no apartado 3 das bases.

Polo tanto, tampouco se adecúa ao obxecto especificado nas bases do apartado 1 (“restituírmos a memoria e recoñecermos as contribucións das mulleres á historia e ás realidades presentes desta cidade”).

Ao empregar unha linguaxe non inclusiva (moi importante conforme ao apartado 4 das bases) en frasees como “conversas con tres protagonistas”, non queda clara a participación das mulleres.

3. **Conxunto pictórico** que represente a través do retrato a 10 coruñesas ilustres, presentado á categoría de produción.

A proposta debe ser excluída porque aparte de non estar ben fundamentada, non está finalizada e tampouco está en proceso de desenvolvemento, conforme ao apartado 4 das bases (características dos traballos).

4. **Coro feminino Son Elas**

A proposta debe ser excluída porque non presenta en forma o traballo, conforme ao apartado 8 (prazos e requisitos de presentación dos traballos). Non presenta documentación resumo do traballo nin o traballo por rexistro.

5. **Asociación Afaco.** *Premiar á presidenta e fundadora da asociación. Preséntase a categoría de produción de obra.*

A proposta debe ser excluída porque non se trata realmente dunha proposta de produción de obra (creación artística, material ou intelectual), conforme ao exposto no apartado 5 en relación á categoría de produción de obra. Tampouco encaixaría na categoría de investigación.

A proposta encaixa máis nunha convocatoria de recoñecemento á labor prestada por mulleres no contexto do asociacionismo, neste caso en postos directivos.

6. **A transformación feminina da realidade.** De mulleres heroínas, santificadas, mariñas, reitoras e libres, nun proxecto abortado polos intereses do falocentrismo occidental.



CONCELLARÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE

EXPDTE. 237/2017/7

A pesar de estar indudablemente ben escrito e redactado, este traballo non responde ao obxecto (apartado 1 das bases) e á finalidade do premio (apartado 3 das bases) en canto a que non contribúe realmente ao recoñecemento e a poñer en valor o papel ou as contribucións das mulleres (invisibilizadas na historia).

Non ten perspectiva feminista, reflicte datos biográficos das mulleres a través das súas relacións cos varóns, poñendo énfase no protagonismo destes, polo que non se poñen en valor as contribucións das mulleres.

As biografías das mulleres non revisten interés desde o punto de vista da aportación social, económica ou noutros ámbitos por parte das mulleres. Se constrúe a biografía das mulleres a través das figuras masculinas, desde un punto de vista ou a través da mirada dos homes. Os referentes intelectuais son homes. Os homes son o fío condutor do papel das mulleres.

A raíz de todo o exposto, tendo en conta as claras deficiencias detectadas nos primeiros cinco traballos analizados que fan que queden excluídos e que o traballo de “transformación feminina da realidade” non responde ao obxecto e finalidade do premio, o tribunal decidiu deixar o premio “Elvira Bao Maceiras” deserto.

A Coruña, a 18 de decembro de 2017

Asdo. Cristina López Villar

Asdo. Patricia Hermida Lago

Asdo. Anxela Caramés Sales

Asdo. María Belén Sanjurjo Rodríguez

